

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 21 de decembro de 2009, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de decembro de 2009, a orde do día da sesión é a seguinte:

1. Textos Lexislativos

1.1 Debate e votación do ditame elaborado pola Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo, no proxecto de lei polo que se regula o aproveitamento eólico en Galicia e se crea o canon eólico e o Fondo de Compensación Ambiental 08/PL-0007 (12606)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 107, do 03.11.2009

Publicación ampl. prazo presentación emendas articulado, BOPG núm. 112, do 10.11.2009

Publicación emendas de totalidade, BOPG núm. 119, do 19.11.2009

Publicación emendas ao articulado, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

Publicación rexeitamento emendas totalidade, BOPG núm. 125, do 27.11.2009

Publicación informe de ponencia, BOPG núm. 130, do 04.12.2009

Publicación dictame de comisión, BOPG núm. 135, do 14.12.2009

Publicación emendas e votos particulares, BOPG núm. 135, do 14.12.2009

1.2 Debate e votación, polo procedemento de lectura única, do proxecto de lei de modificación da Lei 10/1988, do 20 de xullo, de ordenación do comercio interior de Galicia 08/PL-0009 (14838)

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 127, do 01.12.2009

Publicación da aprobación polo Pleno do procedemento de lectura única, BOPG núm. 134, do 12.12.2009

2. Comparecencias en Pleno

08/CPP-0099 (16531)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do presidente da Xunta de Galicia, para informar sobre o contido e alcance da IV Conferencia de Presidentes


3. Mocións

3.1 08/MOC-0030 (16320)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Seara Sobrado, Laura Carmen

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Sobre a política da Xunta de Galicia respecto do Hospital do Centro Galego de Bos Aires e a situación da Fundación Galicia Saúde. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 12828, publicada no BOPG núm. 113, do 11.11.200, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2009)

- 3.2 08/MOC-0031 (16321)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Verdes Gil, Sonia

Sobre o cumprimento do acordo acadado polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño cos representantes do sector lácteo o pasado 20 de xullo de 2009 respecto do contrato homologado para o pagamento do leite e as inspeccións levadas a cabo. (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 11797, publicada no BOPG núm. 108, do 04.11.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2009)

- 3.3 08/MOC-0032 (16337)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre o impulso da constitución e execución das unidades de xestión forestal (UXFOR). (Moción, a consecuencia da Interpelación núm. 9181, publicada no BOPG núm. 90, do 08.10.2009, e debatida na sesión plenaria do 09.12.2009)

4. Propositions non de lei ante o Pleno

- 4.1 08/PNP-0089 (2681)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
López Vidal, Pablo Xavier, e 2 deputados máis

Sobre as actuacións que pensa levar a cabo o actual Goberno galego en materia de seguridade viaria

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 39, do 24.06.2009


- 4.2 08/PNP-0252 (12943)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e 6 deputados máis

Sobre a elaboración dun plan de recoñecemento á excelencia formativa no ensino secundario obrigatorio e no bacharelato

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 113, do 11.11.2009

- 4.3 08/PNP-0270 (14001)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



Soneira Tajés, María Soledad, e 3 deputados máis

Sobre as actuacións para levar a cabo en relación co cambio do sistema de análise para a detección da presenza de biotoxinas nos moluscos bivalvos aprobado pola Unión Europea

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

- 4.4 08/PNP-0269 (14026)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Paz Franco, María Tereixa

Sobre a declaración dunha Zona de Especial Protección de Aves na comarca da Limia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

- 4.5 08/PNP-0272 (14115)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Fernández Fernández, Rosendo Luís, e 7 deputados máis

Sobre a elaboración dun Plan estratéxico sobre drogas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 128, do 02.12.2009

- 4.6 08/PNP-0281 (14673)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre a privatización dos centros de día por parte da Consellería de Traballo e Benestar

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 133, do 11.12.2009


5. Interpelacións

- 5.1 08/INT-0119 (5910)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Gallego Calvar, María Carmen

Sobre a avaliación e as actuacións futuras previstas polo Goberno galego en relación co Plan galego de acción fronte ao cambio climático 2008-2012 elaborado polo anterior Executivo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 66, do 03.09.2009

- 5.2 08/INT-0185 (13091)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa



Sobre a existencia de posibles irregularidades nos procesos selectivos dos grupos C1 e C2 levados a cabo pola actual Administración autonómica nos meses de setembro e outubro de 2009

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 118, do 18.11.2009

- 5.3 08/INT-0192 (13459)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bouza Santiago, Ana Luisa

Sobre o futuro da Rede de Dinamización da Sociedade da Información

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 118, do 18.11.2009

- 5.4 08/INT-0199 (14243)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Cerviño González, Francisco Julio, e 2 deputados máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto das afirmacións e da proposta remitida polo Consello da Cultura Galega ao Parlamento de Galicia en relación coa lingua galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 128, do 02.12.2009

6. **Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia**

- 6.1 08/POPX-0025 (16540)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas que está a adoptar a Xunta de Galicia para desenvolver o Plan xeral de normalización da lingua galega

- 6.2 08/POPX-0024 (16642)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vázquez Fernández, Manuel


Sobre a avaliación do Sr. presidente do Goberno galego da actual situación sanitaria de Galicia

7. **Preguntas orais ante o Pleno**

- 7.1 08/POP-0569 (16641)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Lage Tuñas, José Manuel, e 3 deputados máis

Sobre a asunción da responsabilidade política das posibles filtracións de exames nas oposicións dos grupos C1 e C2 da Xunta de Galicia (Art. 155.5)

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



- 7.2 08/POP-0165 (2687)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Rodríguez González, Román, e 2 deputados máis

Sobre as posibilidades establecidas para reducir os tempos de tramitación dos instrumentos de planificación territorial e urbanística de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 39, do 24.06.2009

- 7.3 08/POP-0321 (7012)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Sueiro Pastoriza, Alberto, e Puy Fraga, Pedro

Sobre as previsións da Consellería de Traballo e Benestar para paliar as consecuencias da crise económica no colectivo dos traballadores autónomos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 70, do 09.09.2009

- 7.4 08/POP-0504 (13501)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Lobeira Domínguez, Bieito, e Táboas Veleiro, María Teresa

Sobre as medidas previstas para a defensa dos intereses veciñais afectados pola presenza de efectivos militares da Brigada Lixeira Aerotransportable (Brilat), con base en Figueirido, nun monte comunal de Salcedo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

- 7.5 08/POP-0517 (14024)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Rego González, Ismael, e Tomé Roca, José

Sobre as previsións da Consellería de Sanidade respecto da supresión dos servizos de urxencias dos hospitais de Burela e Monforte


Publicación da iniciativa, BOPG núm. 123, do 25.11.2009

- 7.6 08/POP-0530 (14399)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Álvarez Chao, María Emma

Sobre a existencia dalgún acordo de colaboración cos propietarios do pazo-fortaleza de Tovar, situada na parroquia de Santo Tomé, no concello de Lourenzá, para evitar o seu derrubamento como consecuencia das inclemencias meteorolóxicas

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 128, do 02.12.2009

- 7.7 08/POP-0531 (14401)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Sestayo Doce, Beatriz



Sobre o contido do plan de financiamento aos concellos galegos destinado á contratación de persoal para a atención e tramitación da dependencia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 128, do 02.12.2009

7.8

08/POP-0543 (15112)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Suárez Canal, Alfredo, e Paz Franco, María Tereixa

Sobre as razóns da non participación das seleccións deportivas galegas nos encontros con outras seleccións nacionais nas distintas manifestacións deportivas que se viñan celebrando nos últimos tempos, nomeadamente na época do Nadal

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 133, do 11.12.2009

7.9

08/POP-0558 (15846)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Pontón Mondelo, Ana Belén, e Adán Villamarín, María do Carme

Sobre a opinión da Consellería de Cultura e Turismo respecto do lugar que ocupa a cultura galega e as industrias culturais de Galicia na programación cultural do Ano Xacobeo 2010

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 133, do 11.12.2009

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto nos artigos 151.2 e 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 16 de decembro de 2009

José Manuel Baltar Blanco
Presidente en funcións

Asinado digitalmente por José Manuel Baltar Blanco, Vicepresidente 1º na data 16/12/2009 17:45:52

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia